Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE INDUSTRIA Y TURISMO
SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

XUNTA DE GALICIA

DEPUTACIÓN OURENSE



GUÍA DE ECO ALOXAMENTOS

Recomendacións para o deseño adaptado á contorna da provincia de Ourense

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Autores:

MOL Arquitectura

LOPEZ MUIÑOS CANDELARIA CECILIA - 32662530T

Firmado digitalmente por LOPEZ MUIÑOS CANDELARIA CECILIA - 32662530T
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-32662530T, givenName=CANDELARIA CECILIA, sn=LOPEZ MUIÑOS, cn=LOPEZ MUIÑOS CANDELARIA CECILIA - 32662530T
Fecha: 2025.05.07 10:50:56 +02'00'

OTERO VAZQUEZ JUAN JOSE - 76726508A

Firmado digitalmente por OTERO VAZQUEZ JUAN JOSE - 76726508A
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-76726508A, givenName=JUAN JOSE, sn=OTERO VAZQUEZ, cn=OTERO VAZQUEZ JUAN JOSE - 76726508A
Fecha: 2025.05.07 10:53:06 +02'00'

Equipo:

Cecilia López Muiños
Juan José Otero Vázquez
Luis Ángel López Gómez
Andrea García Martínez

ISBN:

DEPÓSITO LEGAL:

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE INDUSTRIA Y TURISMO SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia


XUNTA DE GALICIA

DEPUTACIÓN OURENSE

GUÍA DE ECO ALOJAMIENTOS

Recomendaciones para el diseño adaptado
al entorno de la provincia de Ourense

contido/contenido



Casa dos Esquíos
42-69

A casiña da parra
70-99

A casa Diamante
100-125

A casa Tótem
126-149

A casa da Árbore
1150-175

A casa Alabeada
176-199

A guía pretende ser unha aproximación respectuosa co territorio, unha proposta que inclúe recomendacións para un bo deseño de aloxamentos turísticos, nos que se definen varios modelos e as súas variantes tipolóxicas que permitan a adaptación aos distintos contextos da provincia de Ourense.

A maiores da adecuación ás regulacións normativas de Turismo, a guía permite a súa implantación en contornas sensibles, tales como son as áreas afectadas pola CHMS, as zonas de protección patrimonial, servidumes con afeccións de sistemas xerais, entre outros.

Asimesmo, a bioconstrución e a sostibilidade serán os fíos condutores do desenvolvemento construtivo e de instalacións de cada unha das tipoloxías presentadas. Os cales, a súa vez, estarán relacionados con outro aspecto clave para o deseño e escolma de materiais, que consiste en garantir unha pegada de carbono nula, partindo da análise do ciclo de vida de cada unha das opcións, priorizando a economía circular e sistemas construtivos de quilómetro cero.

La guía pretende ser una aproximación respetuosa con el territorio, una propuesta que incluye recomendaciones para un buen diseño de alojamientos turísticos, en los que se definen varios modelos y sus variantes tipológicas que permitan la adaptación a los distintos contextos de la provincia de Ourense.

A mayores de la adecuación a las regulaciones normativas de Turismo, la guía permite su implantación en entornos sensibles, tales como son las áreas afectadas por la CHMS, las zonas de protección patrimonial, servidumbres con afecciones de sistemas generales, entre otros.

Asimismo, la bioconstrución y la sostenibilidad serán los hilos conductores del desarrollo constructivo y de instalaciones de cada una de las tipologías presentadas. Las cuales, a su vez, estarán relacionados con otro aspecto clave para el diseño y elección de materiales, que consiste en garantizar una huella de carbono nula, partiendo del análisis del ciclo de vida de cada una de las opciones, priorizando la economía circular y sistemas constructivos de kilómetro cero.





A presente guía ten como principal obxectivo xerar unha análise crítica, á hora de implantar unidades turísticas ao longo do noso territorio, evitando a proliferación de sistemas de aloxamentos ou cabanas alleas á provincia de Ourense.

Permitirá aos lectores levar a cabo un proceso reflexivo, a través da superficie, a volumetría e a materialidade, para determinar a adecuación de cada unha das tipoloxías propostas ao terreo no que se plantexe a súa incorporación.

O criterio de deseño busca, principalmente, a integración dos volumes na contorna, polo que se terán en conta elementos formais baseados na arquitectura vernácula para facilitar o proceso. Sendo estes, por exemplo, a elaboración de cubertas a dúas ou catro augas, ou a composición de ocos con carpinterías verticais. Igualmente, os sistemas construtivos pretenden fomentar a conservación de técnicas e artes propios da construción tradicional. Deste xeito, atoparemonos con mostras que sigan este parecer nas terras de Valdeorras, por exemplo, creando unha envolvente de lousa que reforce o vencellamento emocional, cultural e produtivo coa comarca; ou en A Manchica, un exemplo de revestimento cerámico; ou en Orega, unha mostra de revestimento de pedra local.

O respecto polos materiais quilómetro cero vai máis alá da minimización da pegada de carbono e do fomento da economía circular, chegando, ademais, ao substrato cultural, que xunto coa sostibilidade, deben ser uns dos pilares básicos na actividade turística, orientada a un perfil de hóspede *adprosumer*, é dicir, que ademais de desfrutar do servizo, actúe como prescriptor do mesmo.

La presente guía tiene como principal objetivo generar un análisis crítico, a la hora de implantar unidades turísticas a lo largo de nuestro territorio, evitando la proliferación de sistemas de alojamientos o cabañas ajenas a la provincia de Ourense.

Permitirá a los lectores llevar a cabo un proceso reflexivo, a través de la superficie, la volumetría y la materialidad, para determinar la adecuación de cada una de las tipologías propuestas al terreno en el que se plantee su incorporación.

El criterio de diseño busca, principalmente, la integración de los volúmenes en el entorno, por lo que se tendrán en cuenta elementos formales basados en la arquitectura vernácula para facilitar el proceso. Siendo estos, por ejemplo, la elaboración de cubiertas a dos o cuatro aguas, o la composición de huecos con carpinterías verticales. Igualmente, los sistemas constructivos pretenden fomentar la conservación de técnicas y artes propios de la construcción tradicional. De este modo, nos encontraremos con muestras que sigan este parecer en las tierras de Valdeorras, por ejemplo, creando una envolvente de pizarra que refuerce la vinculación emocional, cultural y productiva con la comarca; o en A Manchica, un ejemplo de revestimiento cerámico; o en Orega, una muestra de revestimiento de piedra local.


El respeto por los materiales kilómetro cero va más allá de la minimización de la huella de carbono y del fomento de la economía circular, llegando, además, al sustrato cultural, que junto con la sostenibilidad, deben ser unos de los pilares básicos en la actividad turística, orientada a un perfil de huésped *adprosumer*, es decir, que además de disfrutar del servicio, actúe como prescriptor del mismo.




[01]




[02]




[03]



[04]



[05]



[06]

O presente documento componse de 6 tipoloxías, con diversas variantes para cada unha das mesmas, permitindo, deste modo, a adaptación ás distintas áreas da provincia ourensana. Ademais dos fundamentos de deseño, da análise dos diferentes programas e da composición volumétrica, poranse en releve os variados sistemas constructivos, así como as estruturas portantes, cerramentos, cubertas e a ampla oferta de acabamentos.

A través dos materiais e texturas, cada unha das tipoloxías de aloxamentos presentará infinidade de posibilidades para a súa formalización e implantación na parcela ou solar. Aspecto que se relacionará estreitamente, coa creación de volumes, que ao quedar integrados na contona, permitan a completa accesibilidade, favorecendo o turismo de todo tipo de usuarios.

En cada unha delas, resaltarase o xeito no que responden os diferente módulos aos ámbitos de núcleo rural e solo rústico, conseguindo fomentar un turismo sostible que permita a súa vinculación ao termalismo, enoturismo, turismo cultural ou gastronómico, entre outros.

En cada unha das tipoloxías, especificaranse aspectos xerais, tales como forma, superficies ou funcionalidade, ata chegar a características máis técnicas, como estrutura, sistema construtivo e instalacións.

El presente documento se compone de 6 tipologías, con diversas variantes para cada una de las mismas, permitiendo, de este modo, la adaptación a las distintas áreas de la provincia ourensana. Además de los fundamentos de diseño, del análisis de los diferentes programas y de la composición volumétrica, se pondrán en relieve los variados sistemas constructivos, así como las estructuras portantes, cerramientos, cubiertas y la amplia oferta de acabados.

A través de los materiales y texturas, cada una de las tipologías de alojamientos presentará infinidad de posibilidades para su formalización e implantación en la parcela o solar. Aspecto que se relacionará estrechamente, con la creación de volúmenes, que al quedar integrados en el entorno, permitan la completa accesibilidad, favoreciendo el turismo de todo tipo de usuarios.

En cada una de ellas, se resaltará la manera en el que responden los diferente módulos a los ámbitos de núcleo rural y suelo rústico, consiguiendo fomentar un turismo sostenible que permita su vinculación al termalismo, enoturismo, turismo cultural o gastronómico, entre otros.

En cada tipología, se especificarán aspectos generales, tales como forma, superficies o funcionalidad, hasta llegar a características más técnicas, como estructura, sistema constructivo e instalaciones.



Comarcas de Ourense - Áreas de actuación

Primordialmente, o ámbito de aplicación das directrices desta publicación, é a provincia de Ourense, aínda que con pequenas adaptacións ou variantes destes módulos, permitiría a súa implantación ao longo de todo o territorio galego.

Un dos retos máis complexos consiste en sintetizar nunha selección reducida de modelos, todas as esixencias formais e programáticas dun territorio con gran patrimonio cultural, e con áreas paisaxísticas diferenciadas, pero moi sensibles á implantación de edificacións.

Trátase de dar solucións adaptadas ás esixencias dos Camiños de Santiago, como son O Camiño de Inverno e a Vía da Prata, pero tamén ao Camiño Miñoto.

Do mesmo xeito, todas as rutas turísticas artelladas ao longo da provincia como son as rutas Ribeiro-Carballiño, Ribeira Sacra, Terra de Celanova-Serra do Xurés, Ruta de Allariz-Alto Arnoia, Vía da Prata, Oriente Ourensán, Vías Romanas de Valdeorras, requiren dunha oferta de aloxamentos para todos os visitantes.

Como xa se comentou, a vantaxe principal da guía, é a flexibilidade tipolóxica e de materialización, a cal permite a implementación en calquera localización.

Primordialmente, el ámbito de aplicación de las directrices de esta publicación, es la provincia de Ourense, aunque con pequeñas adaptaciones o variantes de estos módulos, permitiría su implantación a lo largo de todo el territorio gallego.

Uno de los retos más complejos consiste en sintetizar en una selección reducida de modelos, todas las exigencias formales y programáticas de un territorio con gran patrimonio cultural, y con áreas paisajísticas diferenciadas, pero muy sensibles a la implantación de edificaciones.

Se trata de dar soluciones adaptadas a las exigencias de los Caminos de Santiago, como son el Camino de Invierno y la Vía de la Plata, pero también al Camino Miñoto.

Del mismo modo, todas las rutas turísticas articuladas a lo largo de la provincia como son las rutas Ribeiro-Carballiño, Ribeira Sacra, Terra de Celanova-Serra do Xurés, Ruta de Allariz-Alto Arnoia, Vía de la Plata, Oriente Ourensano, Vías Romanas de Valdeorras, requieren de una oferta de alojamientos para todos los visitantes.

Como ya se comentó, la ventaja principal de la guía, es la flexibilidad tipológica y de materialización, la cual permite la implementación en cualquier localización.



Xerar reflexións de cara á execución de solucións de aloxamentos sostibles e integradas no territorio, convértese na prioridade da guía.

Téntase servir de base para facilitar a creación de aloxamentos acordes ás necesidades da paisaxe e á riqueza da mesma. Ubicándose non só en camiños naturais, como o de San Rosendo, Vía Nova, Ribeira Sacra, Río Barbantiño, Carballeda de Avia e Dos Arrieiros, senón que tamén nas áreas próximas ao "Parque Natural Serra da Enciña do Lastra", "Parque Natural do Invernadoiro", "Parque Natural Baixa Limia", "Serra do Xurés", "a reserva da Biosfera", ou "O Val do Navea" e zonas situadas na rede Natura 2000, e a maiores, a todas as áreas termais da provincia.

Para o deseño de tódalas tipoloxías, buscouse a aliñación co principio DNSH, en cumprimento do Regulamento (UE) 2020/852 (Regulamento de Taxonomía) e que cumpre coas esixencias recollidas na "Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente", publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO).
Búscanse actuacións exemplares que sirvan como un modelo de boa práctica dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e no marco da Estratexia de Turismo Sostible de España 2030.

Generar reflexiones de cara a la ejecución de soluciones de alojamientos sostenibles e integradas en el territorio, se convierte en la prioridad de la guía.

Se intenta servir de base para facilitar la creación de alojamientos acordes a las necesidades del paisaje y a la riqueza del mismo. Ubicándose no sólo en caminos naturales, como el de San Rosendo, Vía Nova, Ribeira Sacra, Río Barbantiño, Carballeda de Avia y Dos Arrieiros, sino que también en las áreas próximas al "Parque Natural Serra da Enciña do Lastra", "Parque Natural do Invernadoiro", "Parque Natural Baixa Limia", "Serra do Xurés", "la reserva de la Biosfera", o "O Val do Navea" y zonas ubicadas en la red Natura 2000, y a mayores, a todas las áreas termales de la provincia.

Para el diseño de todas las tipologías, se buscó la alineación con el principio DNSH, en cumplimiento del Reglamento (UE) 2020/852 (Reglamento de Taxonomía) y que cumple con las exigencias recogidas en la "Guía para el diseño y desarrollo de actuaciones acordes con el principio de no causar un perjuicio significativo al medio ambiente", publicada por el Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO).
Se buscan actuaciones ejemplares que sirvan como un modelo de buena práctica dentro del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia y en el marco de la Estrategia de Turismo Sostenible de España 2030.

No deseño das unidades turísticas, os elementos comúns presentes en todas as tipoloxías son os seguintes puntos:

Biofilia
Estará presente a través das urbanizacións adicionais axardinadas, dos emparrados bioclimáticos e de variantes con cuberta axardinada ou muros verdes.

Recuperación de augas
Para facilitar a reutilización, recuperaranse as augas pluviais das unidades a través do rego ou na rede de suministro aos inodoros.

Control de soleamento mediante deseño bioclimático
Para favorecer o control solar, será fundamental a orientación da volumetría na parcela. Asimesmo, teranse en conta a presenza de elementos xeométricos nas áreas de incidencia solar e a utilización de emparrados bioclimáticos, parasois e estores exteriores.

Bioconstrucción Qm0
A maior parte dos compoñentes e sistemas empregados na execución dos aloxamentos serán producidos por industrias de proximidade, preferentemente, da provincia de Ourense.

Solucións de control, iluminación eficiente e monitorizada
Todos os modelos contan coa máxima eficiencia enerxética, favorecendo a presenza da luz natural, que se encargará de atenuar a artificial cando esta última non se requira. A luz artificial será mediante luminarias LED con sistema KNX.

Xeotermia e recuperación de calor
Para a climatización, optarase por un sistema combinado de chan radiante e fancoils de baixa temperatura.

Ausenza de compostos con presenza de cloro ou COVs
Para evitar o emprego de Compostos Orgánicos Volátiles, búscanse solucións construtivas que garantan o funcionamento dos materiais polas súas propias cualidades, sen ter que aplicar pinturas ou vernices.

Illamentos lignocelulósicos
Para todos os illamentos, definiranse opcións con cortiza, escumas de taninos e con illamento de fibras de madeira. Os illantes terán a etiqueta A+, que comproba o contido de Compostos Orgánicos Volátiles (COVs) e garante a calidade do aire interior.

Integración topográfica na contorna
Propoñense estratexias de implantación en diferentes orografías, orientacións, en tecidos de núcleos rurais ou áreas rústicas variadas.

Tradición e recuperación de sistemas construtivos tradicionais
Os sistemas construtivos adaptanse ás distintas tipoloxías arquitectónicas presentes na provincia, recuperando a materialidade tradicional das arquitecturas dos nosos devanceiros.

Estrutura de madeira local
A totalidade da estrutura das unidades, executarase en madeira local, sexa esta castiñeiro ou piñeiro de Galicia, optándose por entramados lixeiros ou ben por estruturas en CLT.

Totalidade de carpinterías en madeira
Tanto as carpinterías interiores, como as exteriores, serán executadas en madeiras locais.

En el diseño de las unidades turísticas, los elementos comunes presentes en todas las tipologías son los siguientes puntos:

Biofilia
Estará presente a través de las urbanizaciones adicionales ajardinadas, de los emparrados bioclimáticos y de variantes con cubierta ajardinada o muros verdes.

Recuperación de aguas
Para facilitar la reutilización, se recuperarán las aguas pluviales de las unidades a través del riego o en la red de suministro a los inodoros.

Control de soleamiento mediante diseño bioclimático
Para favorecer el control solar, será fundamental la orientación de la volumetría en la parcela. Asimismo, se tendrán en cuenta la presencia de elementos geométricos en las áreas de incidencia solar y la utilización de emparrados bioclimáticos, parasoles y estores exteriores.

Bioconstrucción km0
La mayor parte de los componentes y sistemas empleados en la ejecución de los alojamientos serán producidos por industrias de proximidad, preferentemente, de la provincia de Ourense.

Soluciones de control, iluminación eficiente y monitorizada
Todos los modelos cuentan con la máxima eficiencia energética, favoreciendo la presencia de la luz natural, que se encargará de atenuar la artificial cuando esta última no se requiera. La luz artificial será a través de luminarias LED con sistema KNX.

Geotermia y recuperación de calor
Para la climatización, se optará por un sistema combinado de suelo radiante y fancoils de baja temperatura.

Ausencia de compuestos con presencia de cloro o COVs
Para evitar el empleo de Compuestos Orgánicos Volátiles, se buscan soluciones constructivas que garanticen el funcionamiento de los materiales por sus propias cualidades, sin tener que aplicar pinturas o barnices.

Aislamientos lignocelulósicos
Para todos los aislamientos, se definirán opciones con corcho, espumas de taninos y con aislamiento de fibras de madera.
Los aislantes tendrán la etiqueta A+, que comprueba el contenido de Compuestos Orgánicos Volátiles (COVs) y garantiza la calidad del aire interior.

Integración topográfica en el entorno
Proponiéndose estrategias de implantación en diferentes orografías, orientaciones, en tejidos de núcleos rurales o áreas rústicas variadas.

Tradición y recuperación de sistemas constructivos tradicionales
Los sistemas constructivos se adaptan a las distintas tipologías arquitectónicas presentes en la provincia, recuperando la materialidad tradicional de las arquitecturas de nuestros ancestros.

Estructura de madera local
La totalidad de la estructura de las unidades, se ejecutará en madera local, sea esta castaño o pino de Galicia, optándose por entramados ligeros o por estructura en CLT.

Totalidad de carpinterías en madera
Tanto las carpinterías interiores, como las exteriores, serán ejecutadas en maderas locales.

mellora na xestión de refugallos/mejora en la gestión de residuos

As medidas para a xestión de refugallos, contémplanse tanto na fase de construción, como durante o funcionamento dos aloxamentos, fomentando a economía circular e reducindo o impacto ambiental.

Redución ou prevención dos refugallos
Na xerarquía da xestión de residuos, a redución ou prevención ocupa o primeiro chanzo, co conxunto de medidas adoptadas na fase de concepción e deseño dos eco aloxamentos.
Estas medidas aplicadas nas propostas da guía son:
1º. Reducir a cantidade de refugallo, mesmo mediante a reutilización dos produtos ou o alongamento da vida útil dos mesmos.
2º. Reducir os impactos adversos sobre o medio ambiente e a saúde humana dos residuos xerados, incluíndo o aforro no uso de materiais ou enerxía.
3º. Reducir e limitar o contido de substancias nocivas en materiais e sistemas construtivos.

Reutilización e reciclaxe do residuo
O seguinte chanzo da xerarquía na xestión de residuos trátase da reutilización e a reciclaxe. A reutilización plantexa recuperar elementos pétreos, ben sexa de formigón ou de pedra, para o seu uso na cimentación dos aloxamentos.
Do mesmo xeito, elementos de moblaxe, carpintería interior ou exterior, e elementos portantes, utilízanse de novo coa mesma finalidade para a que foron concibidos. Sendo unha das principais vantaxes do emprego preferente da madeira local.

Ademais da suprarreciclaxe ou reutilización, recórrese á reciclaxe coa valorización de residuos ou cascallos que son transformados en produtos e materiais para o emprego na execución dos módulos, como son áridos reciclados, paneis de chan radiante e láminas recicladas.

No propio funcionamento dos aloxamentos, e dentro do concepto de reciclaxe, entra tamén a recuperación dos residuos orgánicos mediante a compostaxe e a transformación en abonos orgánicos. Permitindo repoñer a materia orgánica esgotada nos terreos a urbanizar ou para as cubertas axardinadas.

Las medidas para la gestión de residuos, se contemplan tanto en la fase de construcción, como durante el funcionamiento de los alojamientos, fomentando la economía circular y reduciendo el impacto ambiental.

Reducción o prevención del residuo
En la jerarquía de la gestión de residuos, la reducción o prevención ocupa el primer escalón, con el conjunto de medidas adoptadas en la fase de concepción y diseño de los eco alojamientos.
Estas medidas aplicadas en las propuestas de la guía son:
1º. Reducir la cantidad de residuo, mediante la reutilización de los productos o la prolongación de la vida útil de los mismos.
2º. Reducir los impactos adversos sobre el medio ambiente y la salud humana de los residuos generados, incluyendo el ahorro en el uso de materiales o energía.
3º. Reducir y limitar el contenido de sustancias nocivas en materiales y sistemas constructivos.

Reutilización y reciclaje del residuo
El siguiente escalón de la jerarquía en la gestión de residuos es la reutilización y el reciclaje. La reutilización plantea recuperar elementos pétreos, bien sea de hormigón o de piedra, para su uso en la cimentación de los alojamientos.
Del mismo modo, elementos de amueblamiento, carpintería interior o exterior, y elementos portantes, se utilizan de nuevo con la misma finalidad para la que fueron concebidos. Siendo una de las principales ventajas del empleo preferente de la madera local.

Además del suprarreciclaje o reutilización, se recurre al reciclaje con la valorización de residuos que son transformados en productos y materiales para el empleo en la ejecución de los módulos, como son áridos reciclados, paneles de suelo radiante y láminas recicladas.

En el propio funcionamiento de los alojamientos, y dentro del concepto de reciclaje, entra también la recuperación de los residuos orgánicos mediante el compostaje y la transformación en abonos orgánicos. Permitiendo reponer la materia orgánica agotada en los terrenos a urbanizar o para las cubiertas ajardinadas.

autosuficiencia/autosuficiencia

Ademais da recuperación das augas pluviais, para todas as unidades, plantéxanse soportes en cuberta para a incorporación de paneis fotovoltaicos.

Onde non se permita a súa incorporación, por tratarse de áreas patrimoniais, optarase pola produción de enerxía fotovoltaica de autoconsumo en remoto.

O emprego de placas solares, completarase coas baterías que permitan a almacenaxe da enerxía non consumida.

Además de la recuperación de las aguas pluviales, para todas las unidades, se plantean soportes en cubierta para la incorporación de paneles fotovoltaicos.

Donde no se permita su incorporación, por tratarse de áreas patrimoniales, se optará por la producción de energía fotovoltaica de autoconsumo en remoto.

El empleo de placas solares, se completará con las baterías que permitan el almacenaje de la energía no consumida.

mobilidade sostible/mobilidad sostenible

Asociadas á execución dos eco aloxamentos, dótase a actuación de infraestruturas para a carga de vehículos eléctricos, así como, á hora se realizar a urbanización exterior, incorpórase un aparcabicicletas para fomentar o uso de bicicletas entre os hóspedes.

Como alternativa, promoverase o coche compartido, que ofrece aos visitantes unha forma cómoda, sostible e asequible de explorar a zona. Alugar un coche VCE polos días que dure a visita, ou dispoñer dun vehículo para os desprazamentos puntuais a lugares de interese turístico só co uso necesario mediante o alugueiro dunha empresa de vehículos compartidos. Todas estas medidas van encamiñadas a reducir as emisións de carbono asociadas ao transporte.

Asociadas a la ejecución de los eco alojamientos, se dota la actuación de infraestructuras para la carga de vehículos eléctricos, así como, a la hora se realizar la urbanización exterior, se incorpora un aparcabicicletas para fomentar el uso de bicicletas entre los huéspedes.

Como alternativa, se promoverá el coche compartido, que ofrece a los visitantes una forma cómoda, sostenible y asequible de explorar la zona. Alquilar un coche VCE por los días que dure la visita, o disponer de un vehículo para los desplazamientos puntuales a lugares de interés turístico solo con el uso necesario mediante el alquiler de una empresa de vehículos compartidos. Todas estas medidas van encaminadas a reducir las emisiones de carbono asociadas al transporte.

paisaxismo sostible/paisajismo sostenible

Primarase o emprego de especies autóctonas no deseño de xardíns, emparrados e áreas verdes, que non necesiten rega excesiva, favorecendo a biodiversidade local e reducindo o consumo de auga.

Executaranse axardinamentos melíferos que axudaran a manter e incrementar a biodiversidade de especies de plantas nas zonas de actuación grazas a presenza de abellas polinizadoras.

Se primará el empleo de especies autóctonas en el diseño de jardines, emparrados y áreas verdes, que no necesiten riego excesivo, favoreciendo la biodiversidad local y reduciendo el consumo de agua.

Se ejecutarán ajardinamientos melíferos que ayudarán a mantener e incrementar la biodiversidad de especies de plantas en las zonas de actuación gracias a la presencia de abejas polinizadoras.

Xustificación do cumprimento da normativa DB-HE

Todo o desenvolvemento do sistema construtivo, de illamentos, e das instalacións dos eco aloxamentos están orientadas ao cumprimento do requisito básico de aforro de enerxía.
A elección dunha envolvente térmica perfectamente illada, garante que a demanda enerxética sexa mínima. Ademais da xestión de aforro no consumo de auga e de enerxía, empréganse recuperadoras de calor e climatización e auga quente sanitaria mediante xeotermia, plantexando a xeración de enerxía eléctrica mediante paneis fotovoltaicos.
As unidades contarán coa dotación de infraestruturas para a recarga de vehículos eléctricos, e tamén áreas de bicicletas.

Xustificación do cumprimento da normativa DB-SUA

En tódolos prototipos de eco aloxamentos se cumpren as esixencias básicas de seguridade de utilización e de accesibilidade, ben sexa respecto ao risco de caídas, de impacto ou atrapamento e aprisionamento, como tamén fronte ao perigo causado pola iluminación inadecuada e polas situacións de alta ocupación, así como polo risco de afogamento, os vehículos en movemento e pola acción dos raios.
Nas seis tipoloxías contémplase o cumprimento da accesibilidade dos usuarios.

Accesibilidade de Galicia

Na presente guía, dase cumprimento á Lei 10/2014, do 3 de Decembro, de accesibilidade de Galicia, ao Decreto 35/2000, do 28 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 41) e da Lei 10/2003, sobre o acceso a contorna das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia (DOG nº 253).
Estes aspectos están presentes, por exemplo, a través da existencia de ramplas que facilitan a entrada aos aloxamentos, así como na configuración dos espazos para permitir o paso e xiro de cadeiras de rodas en todas as áreas.

Justificación del cumplimiento de la normativa DB-HE

Todo el desarrollo del sistema constructivo, de aislamientos, y de las instalaciones de los eco alojamientos están orientadas al cumplimiento del requisito básico de ahorro de energía.
La elección de una envolvente térmica perfectamente aislada, garantiza que la demanda energética sea mínima. Además de la gestión de ahorro en el consumo de agua y de energía, se emplean recuperadoras de calor y climatización y agua caliente sanitaria mediante geotermia, planteando la generación de energía eléctrica mediante paneles fotovoltaicos.
Las unidades contarán con la dotación de infraestructuras para la recarga de vehículos eléctricos, y también áreas de bicicletas.

Justificación del cumplimiento de la normativa DB-SUA

En todos los prototipos de eco alojamientos se cumplen las exigencias básicas de seguridad de utilización y de accesibilidad, bien sea respeto al riesgo de caídas, de impacto o atrapamiento y aprisionamiento, como también frente al peligro causado por la iluminación inadecuada y por las situaciones de alta ocupación, así como por el riesgo de ahogamiento, los vehículos en movimiento y por la acción de los rayos.
En las seis tipologías se contempla el cumplimiento de la accesibilidad de los usuarios.

Accesibilidade de Galicia

En la presente guía, se da cumplimiento a la Ley 10/2014, de 3 de Diciembre, de accesibilidad de Galicia, al Decreto 35/2000, de 28 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo y ejecución de la Ley de accesibilidad y eliminación de barreras en la Comunidad Autónoma de Galicia (DOG nº 41) y de la Ley 10/2003, sobre el acceso al entorno de las personas con discapacidad acompañadas de perros de asistencia (DOG nº 253).
Estos aspectos están presentes, por ejemplo, a través de la presencia de rampas que facilitan la entrada a los alojamientos, así como en la configuración de los espacios para permitir el paso y giro de sillas de ruedas en todas las áreas.

Xustificación do cumprimento da normativa sobre a habitibilidade de Galicia

Na configuración espacial e de distribución, tivéronse en conta o cumprimento das esixencias do DECRETO 128/2023, relativo ao cumprimento da normativa sobre a habitabilidade.

Xustificación do cumprimento da normativa DB-HR

A análise dos sistemas construtivos da envolvente de tódalas variantes tipolóxicas permiten cumprir as esixencias básicas de protección fronte ao ruído.

Regulamento de protección contra a contaminación acústica de Galicia, decreto 150/1999

Na guía xustifícase a utilización racional dos recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, loitando contra a contaminación acústica.

Xustificación do cumprimento da normativa DB-SI

No deseño da estrutura e sistemas construtivos, priorizouse a seguridade en caso de incendio para reducir a límites aceptables o risco de que os usuarios dun eco aloxamento sufran danos derivados dun incendio de orixe accidental, como consecuencia das características do proxecto, construción, uso e mantemento.
As unidades proxectaranse, construiranse, manteranse e utilizaranse de xeito que, en caso de incendio, se cumpran as esixencias básicas que se establecen no Documento Básico DB-SE.

Xustificación do cumprimento da normativa DB-HS

No deseño, tanto a nivel de definición da arquitectura, como na parte construtiva e das instalacións, dáse cumprimento ás esixencias de protección fronte á humidade, de recollida e evacuación de residuos, garantir a calidade do aire interior, a subministración e evacuación de auga e, a maiores, da protección fronte á exposición ao radón.

Justificación del cumplimiento de la normativa sobre la habitibilidad de Galicia

En la configuración espacial y de distribución, se tuvieron en cuenta el cumplimiento de las exigencias del DECRETO 128/2023, relativo al cumplimiento de la normativa sobre la habitabilidad.

Justificación del cumplimiento de la normativa DB-HR

El análisis de los sistemas constructivos de la envolvente de todas las variantes tipológicas permiten cumplir las exigencias básicas de protección frente al ruido.

Reglamiento de protección contra la contaminación acústica de Galicia, decreto 150/1999

En la guía se justifica la utilización racional de los recursos naturales con el fin de proteger y mejorar la calidad de vida y defender y restaurar el medio ambiente, luchando contra la contaminación acústica.

Justificación del cumplimiento de la normativa DB-SI

En el diseño de la estructura y sistemas constructivos, se priorizó la seguridad en caso de incendio para reducir a límites aceptables el riesgo de que los usuarios de un eco alojamiento sufran daños derivados de un incendio de origen accidental, a consecuencia de las características del proyecto, construcción, uso y mantenimiento.
Las unidades se proyectarán, se construirán, se mantendrán y se utilizarán de manera que, en caso de incendio, se cumplan las exigencias básicas que se establecen en el Documento Básico DB-SE.

Justificación del cumplimiento de la normativa DB-HS

En el diseño, tanto a nivel de definición de la arquitectura, como en la parte constructiva y de las instalaciones, se da cumplimiento a las exigencias de protección frente a la humedad, de recogida y evacuación de residuos, garantizar la calidad del aire interior, el suministro y evacuación de agua y, a mayores, de la protección frente a la exposición al radón.

Xustificación do cumprimento da normativa DB-SE

Para tódalas edificacións, co cumprimento do requisito básico de seguridade estrutural asegúrase que as unidades teñan un comportamento estrutural adecuado fronte ás accións e influencias previsibles ás que poidan estar sometidos durante a súa construción e uso previsto. Os eco aloxamentos proxectaranse, fabricaranse, construiranse e manteranse de xeito que cumpran adecuadamente as esixencias básicas que se establecen nos apartados "*DB-SE Seguridade Estrutural*", "*DB-SE-AE Accións na Edificación*", "*DB-SE-C Cimentos*", "*DB-SE-A Aceiro*", "*DB-SE-F Fábrica*" e "*DB-SE-M Madeira*", que especifican parámetros obxectivos e procedementos para asegurar a satisfacción das esixencias básicas e a superación dos niveis mínimos de calidade propios do requisito básico de seguridade estrutural.

Justificación del cumplimiento de la normativa DB-SE

Para todas las edificaciones, con el cumplimiento del requisito básico de seguridad estructural se asegura que las unidades tengan un comportamiento estructural adecuado frente a las acciones e influencias previsibles a las que puedan estar sometidos durante su construcción y uso previsto. Los eco alojamientos se proyectarán, se fabricarán, se construirán y se mantendrán de manera que cumplan adecuadamente las exigencias básicas que se establecen en los apartados "*DB-SI Seguridad Estructural*", "*DB-SI-AE Acciones en la Edificación*", "*DB-SE-C Cimientos*", "*DB-SE-A Acero*", "*DB-SE-F Fábrica*" y "*DB-SE-M Madera*", que especifican parámetros objetivos y procedimientos para asegurar la satisfacción de las exigencias básicas y la superación de los niveles mínimos de calidad propios del requisito básico de seguridad estructural.

Xustificación do Real Decreto 105/2008 de refugallos

As eleccións dos sistemas construtivos prefabricados en madeira e a reutilización de elementos preexistentes, vai orientada ao cumprimento do decreto que regula a produción e xestión dos refugallos de construción e demolición.

Justificación del Real Decreto 105/2008 de residuos

Las elecciones de los sistemas constructivos prefabricados en madera y la reutilización de elementos preexistentes, va orientada al cumplimiento del decreto que regula la producción y gestión de los residuos de construcción y demolición.

Cumplimento do REBT, RITE e do IT-BT-28

O Regulamento electrotécnico para baixa tensión ten por obxecto establecer o marco das condicións técnicas e garantías que deben reunir as instalacións eléctricas conectadas a unha fonte de subministración nos límites de baixa tensión, coa finalidade de preservar a seguridade das persoas e os bens, asegurar o normal funcionamento das devanditas instalacións e previr as perturbacións noutras instalacións e servizos, así como, a contribución á fiabilidade técnica e á eficiencia económica das instalacións.
As instrucións técnicas complementarias desenvolven aspectos específicos do mesmo.

Cumplimiento del REBT, RITE y del IT-BT-28

El Reglamento electrotécnico para baja tensión tiene por objeto establecer el marco de las condiciones técnicas y garantías que deben reunir las instalaciones eléctricas conectadas a una fuente de suministro en los límites de baja tensión, con la finalidad de preservar la seguridad de las personas y los bienes, asegurar el normal funcionamiento de dichas instalaciones y prevenir las perturbaciones en otras instalaciones y servicios, así como, la contribución a la fiabilidad técnica y a la eficiencia económica de las instalaciones.
Las instrucciones técnicas complementarias desarrollan aspectos específicos del mismo.

Xustificación do Real Decreto 486/1997 do 14 de abril

No deseño e execución dos aloxamentos, establécese un adecuado nivel de protección da saúde dos traballadores, minimizando os riscos da súa actividade laboral.

Justificación del Real Decreto 486/1997 de 14 de abril


En el diseño y ejecución de los alojamientos, se establece un adecuado nivel de protección de la salud de los trabajadores, minimizando los riesgos de su actividad laboral.


Guía da cor de Galicia

A guía de eco aloxamentos, inclúe para tódolos prototipos a adaptación ás esixencias da Guía de Cor e Materiais de Galicia, que proporciona uns criterios e directrices técnicas obxectivas para a regulación do emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas, rururbanas e rurais das grandes áreas paisaxísticas de Galicia.
Os criterios expresados de deseño cromático e de materialidade no exterior dos aloxamentos pretenden lograr un equilibrio coa arquitectura tradicional, e polo tanto co patrimonio cultural e a procura dun nivel alto de calidade escénica nas contornas humanas.

Guía da cor de Galicia

La guía de eco alojamientos, incluye para todos los prototipos la adaptación a las exigencias de la *Guía da Cor e Materiais de Galicia*, que proporciona unos criterios y directrices técnicas objetivas para la regulación del empleo del color y los materiales de revestimientos arquitectónicos en los paisajes urbanos, rururbanos y rurales de las grandes áreas paisajísticas de Galicia.
Los criterios expresados de diseño cromático y de materialidad en el exterior de los alojamientos pretenden lograr un equilibrio con la arquitectura tradicional, y por lo tanto con el patrimonio cultural y la búsqueda de un nivel alto de calidad escénica en los entornos humanos.





Normativa de protección de recursos naturais e culturais.

No desenvolvemento das seis tipoloxías buscouse a adaptación precisa á normativa vixente en Galicia para a protección do patrimonio arquitectónico baseada principalmente na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Ademais da xeometría de todas as propostas, a modulación de carpinterías e fachadas e a paleta de materiais está fundamentada no cumprimento desta lei, onde se establecen os principios e regulacións para a protección, conservación e difusión do patrimonio cultural galego, incluíndo o arquitectónico. Ademais, compleméntase co respecto escrupuloso á Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén se efectuou o deseño dos ecos aloxamentos, baseándose no cumprimento da normativa de protección de recursos naturais vixente, que se basea fundamentalmente na Lei 5/2019, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. As seis tipoloxías propostas, cumpren o réxime xurídico para a conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural, establecido pola devandita Lei. Ademais, cumpríronse os artigos da Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia, que regula as actuacións sobre o medio ambiente, e que afectan á incorporación das unidades de eco aloxamentos no noso territorio.

Lembremos que os espazos naturais constitúen un dos piares da conservación da Biodiversidade e do Patrimonio Natural, e que Ourense posúe unha elevada riqueza en ecosistemas, así como cun gran número de especies de flora e fauna endémica, rara e ameazada. Nesta guía partindo dunha análise diacrónico dos modelos de espazos naturais da provincia, realízase unha formulación con actuacións respectuosas coa biodiversidade.

Normativa de protección de recursos naturales y culturales.

En el desarrollo de las seis tipologías se buscó la adaptación precisa a la normativa vigente en Galicia para la protección del patrimonio arquitectónico basada principalmente en la Ley 5/2016, de 4 de mayo, del patrimonio cultural de Galicia. Además de la geometría de todas las propuestas, la modulación de carpinterías y fachadas y la paleta de materiales está fundamentada en el cumplimiento de esta ley, dónde se establecen los principios y regulaciones para la protección, conservación y difusión del patrimonio cultural gallego, incluyendo el arquitectónico. Además, se complementa con el respeto escrupuloso a la Ley 6/2023, de 2 de noviembre, del patrimonio de la Comunidad Autónoma de Galicia.

También se efectuó el diseño de los eco alojamientos, basándose en el cumplimiento de la normativa de protección de recursos naturales vigente, que se basa fundamentalmente en la Ley 5/2019, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad. Las seis tipologías propuestas, cumplen el régimen jurídico para la conservación, uso sostenible, mejora y restauración del patrimonio natural, establecido por dicha Ley. Además, se cumplieron los artículos de la Ley 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia, que regula las actuaciones sobre el medio ambiente, y que afectan a la incorporación de las unidades de eco alojamientos en nuestro territorio.

Recordemos que los espacios naturales constituyen uno de los pilares de la conservación de la Biodiversidad y del Patrimonio Natural, y que Ourense posee una elevada riqueza en ecosistemas, así como con un gran número de especies de flora y fauna endémica, rara y amenazada. En esta guía partiendo de un análisis diacrónico de los modelos de espacios naturales de la provincia, se realiza un planteamiento con actuaciones respetuosas con la biodiversidad.



RHC 01. Mellora da eficiencia enerxética

Carpintarías
Todas as carpintarías exteriores son de alta eficiencia, xa que contan con acristalmentos con cámara de aire gasificada con argón, control solar, e marcos instalados con bandas precomprimidas e selado de cintas de estanqueidade. A carpintería exterior, estará executada en madeira galega, ou ben de castiñeiro, piñeiro de Galicia laminado ou eucalipto galego laminado.
Fachadas
En canto aos cerramento verticais, contan con un sistema de illamento térmico exterior formado por un panel ríxido de fibras de madeira ou cortiza no caso das diferentes opcións de fachadas ventiladas, ou de SATE de cortiza na opción de fachada con ese acabamento.
Forxado
Sistema estrutural de entramado lixeiro de piñeiro de Galicia, de castiñeiro ou de paneis de madeira contralaminada.
Cubertas
Dependendo das distintas opcións de materialidade de cuberta, sempre se incorpora dobre panel de illamento de 60mm de espesor, panel de fibras de madeira ou panel de cortiza aglomerada.

RHC 02. Consumo de enerxía primaria non renovable durante o uso do edificio

As unidades dos eco aloxamentos contan con unha recuperadora de calor e sistema de control para emprego de freecooling das admisións.

Do mesmo xeito, a climatización realízase mediante un sistema de aerotermia, ou de xeotermia, cando exista unha agrupación de máis de 9 unidades. Mediante fancoils de baixa temperatura con certificación Eurovent, realízase unha distribución óptima do aire mediante difusores e reixas de alta eficiencia. Empréganse motores eléctricos DC Brushless de última xeración con modulación continua do 0-100% e aforro do 50% respecto aos habituais fancoils on/off.

RHC 01. Mejora de la eficiencia energética

Carpinterías
Todas las carpinterías exteriores son de alta eficiencia, ya que cuentan con acristalmentos con cámara de aire gasificada con argón, control solar, y marcos instalados con bandas precomprimidas y sellado de cintas de estanqueidad. La carpintería exterior, estará ejecutada en madera gallega, o bien de castaño, pino de Galicia laminado o eucalipto gallego laminado.
Fachadas
En cuanto a los cerramiento verticales, cuentan con un sistema de aislamiento térmico exterior formado por un panel rígido de fibras de madera o corcho en el caso de las diferentes opciones de fachadas ventiladas, o de SATE de corcho aglomerado en la opción de fachada con ese acabado.
Forjado
Sistema estructural de entramado ligero de pino de Galicia, de castaño o de paneles de madera contralaminada.
Cubiertas
Dependiendo de las distintas opciones de materialidad de cubierta, siempre se incorpora doble panel de aislamiento de 60mm de espesor, panel de fibras de madera o corcho.

RHC 02. Consumo de energía primaria no renovable durante el uso del edificio

Las unidades de los eco alojamientos cuentan con una recuperadora de calor y sistema de control para empleo de freecooling de las admisiones.

Del mismo modo, la climatización se realiza mediante un sistema de aerotermia, o de geotermia, cuando exista una agrupación de más de 9 unidades. Mediante fancoils de baja temperatura con certificación Eurovent, se realiza una distribución óptima del aire mediante difusores y rejas de alta eficiencia. Se emplean motores eléctricos DC Brushless de última generación con modulación continua del 0-100% y ahorro del 50% respeto a los habituales fancoils on/off.

Todos os condutos e tubaxes irán illados para asegurar unha mínima perda de enerxía. Permitirá garantir o máximo confort das unidades, tanto no inverno como no verán.
A AQS xérase coa unidade de climatización, e o depósito sitúase na propia edificación.

A casa diamante, como o seu nome indica, está composta por unha volumetría que semella unha xoia, formada a partir da configuración cambiante dos seus faldróns, que segundo o punto de vista dende o que se observen, semella un aloxamento diferente.
A súa volumetría tan característica permitirá incorporar unha dualidade na súa percepción, cunha paleta de materiais claros e cálidos no interior e, máis escuros e automantibles para a pel exterior.
Dúas das súas fachadas ábrense á natureza, orientadas ao Sur, mentres que as outras dúas péchanse aportando intimidade aos hóspedes e resgardando a temperatura interior.

A casa diamante, como su nombre indica, está compuesta por una volumetría que parece una joya, formada a partir de la configuración cambiante de sus faldones, que según el punto de vista desde el que se observen, parece un alojamiento diferente.
Su volumetría tan característica permitirá incorporar una dualidad en su percepción, con una paleta de materiales claros y cálidos en el interior y, más oscuros y automantenibles para la piel exterior.
Dos de sus fachadas se abren a la naturaleza, orientadas al Sur, mientras que las otras dos se cierran aportando intimidad a los huéspedes y resguardando la temperatura interior.

A casa diamante contará cunha superficie construída de 37.50m², sendo a superficie útil de 24.15 m², en planta baixa e totalmente accesible, o que se consegue cunha construción lixeiramente enterrada para favorecer a entrada a cota ou, cando non sexa adecuado polas condicións do terreo, poderáse facer unha modulación da terraza en rampa.
O espazo interior divídese de maneira que quede un dormitorio e un pequeno oficio de 18.60m² e un aseo adaptado de 7.35m². Dende unha gran cristaleira dase acceso a unha pequena terraza exterior baixo un aleiro bioclimático de 6.30m², que a súa vez serve de entrada secundaria ao eco aloxamento. Na área de acceso principal, ademais dunha pequena terraza descuberta fórmase, aproveitando a disposición irregular dos paramentos, un cuarto mínimo que serve de espazo técnico para as instalacións.

A casa diamante contará con una superficie construida de 37.50m², siendo la superficie útil de 24.15 m², en planta baja y totalmente accesible, lo que se consigue con una construcción ligeramente enterrada para favorecer la entrada a cota o, cuando no sea adecuado por las condiciones del terreno, se podrá hacer una modulación de la terraza en rampa.
El espacio interior se divide de manera que quede un dormitorio y un pequeño oficio de 18.60m² y un aseo adaptado de 7.35m². Desde una gran cristalera se da acceso a una pequeña terraza exterior bajo un alero bioclimático de 6.30m², que a su vez sirve de entrada secundaria al eco alojamiento. En el área de acceso principal, además de una pequeña terraza descubierta se forma, aprovechando la disposición irregular de los paramentos, un cuarto mínimo que sirve de espacio técnico para las instalaciones.











ALZADO FRONTAL/ ALZADO FRONTAL




ALZADO POSTERIOR/ ALZADO POSTERIOR



ALZADO LATERAL ESQUERDO/ ALZADO LATERAL IZQUIERDO

Este eco aloxamento plantéxase como un espazo para dúas persoas totalmente adaptado para favorecer a comodidade de persoas con mobilidade reducida. As diferentes áreas están dispostas de xeito que se permita a circulación e xiro das cadeiras de rodas, favorecendo o disfrute de todos os servizos ofertados.
O dormitorio equípase cun amplo mobiliario de almacenaxe, percheiro e maleteiro, amais dunha cheminea que aporta calidez ao complexo. Ao fronte do mesmo dispónse a área de oficio, a cal conta con módulos de neveira, vertedoiro, microondas e mesado para dúas cadeiras.
Na parte traseira do dormitorio, separado por un pechamento superior e unha porta corredeira de vidro, conséguese a iluminación natural dun aseo adaptado, equipado este con ducha, inodoro e lavabo con espazo para *ameneties*.
Na fronte, o aloxamento ábrese a contorna grazas aos amplios ventanais de vidro, mentres que os laterais e parte posterior quedan ocultos aportando intimidade.



ALZADO LATERAL DEREITO/ ALZADO LATERAL DERECHO

Este eco alojamiento se plantea como un espacio para dos personas totalmente adaptado para favorecer la comodidad de personas con movilidad reducida. Las diferentes áreas están dispuestas de manera que se permita la circulación y giro de las sillas de ruedas, favoreciendo el disfrute de todos los servicios ofertados.
El dormitorio se equipa con un amplio mobiliario de almacenaje, perchero y maletero, además de una chimenea que aporta calidez al complejo. Al frente del mismo se dispone el área de oficio, la cual cuenta con módulos de nevera, fregadero, microondas y mesado para dos taburetes.
En la parte trasera del dormitorio, separado por un cerramiento superior y una puerta corredera de vidrio, se consigue la iluminación natural de un aseo adaptado, equipado este con ducha, inodoro y lavabo con espacio para *ameneties*.
Al frente, el alojamiento se abre el entorno gracias a los amplios ventanales de vidrio, mientras que los laterales y parte posterior quedan ocultos aportando intimidad.

A materialidade deste eco aloxamento busca a confortabilidade do usuario e a integración do modelo na contorna, de maneira que a través de materiais máis escuros para o exterior, como a madeira queimada, se consiga que a peza pase desapercibida. Mentres que no interior, por contra, xógase coa claridade e calidez da peza, como se o exterior fose unha envolvente que recubrira o contido da construción.

Escóllense madeiras claras que aporten luz ao interior a partir do reflexo que entra polas cristaleiras, podendo alternarse con outros materiais lignocelulósicos como a cortiza.

Os tons cálidos da madeira combínanse coa cor para aportar un carácter diferenciado á edificación, podendo ser os mesmos, cores máis frías, como verdes claros, a tons máis cálidos e vermellos. Este aporte de cor continuase nas zonas húmidas, utilizando revestimentos cerámicos que, asimesmo, poderían ser substituidos por cores brancas ou, mesmo, por acabados cementosos impermeables.

Os pavimentos interiores buscan a continuidade dos paramentos, para crear unha peza que funcione como unha unidade, do mesmo xeito que acontece nas zonas da terraza, que contrastan coas tonalidades escuras da pel exterior do edificio.

La materialidad de este eco alojamiento busca la confortabilidad del usuario y la integración del modelo en el entorno, de manera que a través de materiales más oscuros para el exterior, como la madera quemada, se consiga que la pieza pase desapercibida. Mientras que en el interior, por contra, se juega con la claridad y calidez de la pieza, como si el exterior fuera una envolvente que recubre el contenido de la construcción.

Se escogen maderas claras que aporten luz al interior a partir del reflejo que entra por las cristaleras, pudiendo alternarse con otros materiales lignocelulósicos como el corcho aglomerado.

Los tonos cálidos de la madera se combinan con el color para aportar un carácter diferenciado a la edificación, pudiendo ser los mismos, colores más fríos, como verdes claros, a tonos más cálidos y rojos. Este aporte de color continuará en las zonas húmedas, utilizando revestimientos cerámicos que, asimismo, podrían ser substituidos por colores blancos o, incluso, por acabados cementosos impermeables.

Los pavimentos interiores buscan la continuidad de los paramentos, para crear una pieza que funcione como una unidad, al igual que ocurre en las zonas de la terraza, que contrastan con las tonalidades oscuras de la piel exterior del edificio.





A súa xeometría, permite en cada unha das súas caras, o emprego de diferentes materiais, sempre baseados na construción tradicional, e que permiten a incorporación en distintas contornas e condicións, coa mesma volumetría, favorecendo a prefabricación ou construción industrial, ben sexa como módulo tridimensional, ben para a fabricación industrial en elementos de paquete plano.

Optarase polo emprego de sistemas construtivos con materiais locais, como son a pedra do país, a tella, a cortiza, a madeira, e tamén cubertas e muros axardinados, que facilitan a adaptación aos distintos contextos de implantación na provincia de Ourense, como son áreas afectadas pola CHMS e zonas de protección patrimonial. A maiores, tamén se levan a cabo composicións que impliquen madeira suprarreciclada ou mesmo lousas, para adaptala a outras áreas da provincia.


Para tódolos elementos metálicos de remate, óptase sempre por metais oxidables, como son o aceiro corten, o cinc ou o cobre.

Su geometría, permite en cada una de sus caras, el empleo de diferentes materiales, siempre basados en la construcción tradicional, y que permiten la incorporación en distintos entornos y condiciones, con la misma volumetría, favoreciendo la prefabricación o construcción industrial, bien sea como módulo tridimensional, bien para la fabricación industrial en elementos de paquete plano.

Se optará por el empleo de sistemas constructivos con materiales locales, como son la piedra del país, la teja, el corcho, la madera, y también cubiertas y muros ajardinados, que facilitan la adaptación a los distintos contextos de implantación en la provincia de Ourense, como son áreas afectadas por la CHMS y zonas de protección patrimonial. A mayores, también se llevan a cabo composiciones que impliquen madera suprarreciclada o pizarra, para adaptarla a otras áreas de la provincia.

Para todos los elementos metálicos de remate, se opta siempre por metales oxidables, como son el acero corten, el zinc o el cobre.





ESQUEMA ESTRUTURAL/ ESQUEMA ESTRUCTURAL

A nivel estrutural, para a formalización deste modelo, executarase unha estrutura artellada cun sistema de paneis de madeira contralaminada de piñeiro de Galicia para conseguir a súa característica forma.
A súa xeometría facetada e as dimensións de cada un dos paneis baséanse no máximo aproveitamento das pezas de CLT.

Sempre se interporá unha membrana anti termitas, ademais de tratamentos protectores, tendo especial coidado na posta en obra, controlando sempre o contido de humidade da madeira.


Para a cimentación, ademais de sistemas formados por zapatas corridas de formigón armado, con muros do mesmo material ou de fábricas armadas, plantéxase a utilización de materiais de refugallos de obra procedentes de plantas de reciclaxe próximas, fomentando deste xeito o valor ecolóxico do aloxamento.

A nivel estructural, para la formalización de este modelo, se ejecutará una estructura articulada con un sistema de paneles de madera contralaminada de pino de Galicia para conseguir su característica forma.
Su geometría facetada y las dimensiones de cada uno de los paneles se basan en el máximo aprovechamiento de las piezas de CLT.

Siempre se interpondrá una membrana anti termitas, además de tratamientos protectores, teniendo especial cuidado en la puesta en obra, controlando siempre el contenido de humedad de la madera.

Para la cimentación, además de sistemas formados por zapatas corridas de hormigón armado, con muros del mismo material o de fábricas armadas, se plantea la utilización de materiales de residuos de obra procedentes de plantas de reciclaje próximas, fomentando de este modo el valor ecológico del alojamiento.





SECCIÓN TRANSVERSAL/ SECCIÓN TRANSVERSAL



SECCIÓN LONXITUDINAL/ SECCIÓN LONGITUDINAL

O **cerramento exterior** comporase dunha fachada ventilada de tella cerámica, lousa, pedra do país ou madeira local con illamento lignocelulósico exterior. Mentres que no **interior**, formarase un trasdosado lixeiro con perfilería de aceiro galvanizado ou rastrelado de madeira local.

A **carpintería exterior** realizarase en madeira local, como piñeiro laminado, eucalipto laminado ou castiñeiro acabado en lasur pigmentado segundo indicacións da Guía da Cor de Galicia de Chairas, fosas e Serra de Ourense no exterior e cor natural no interior, complementado con ferraxes de aceiro inoxidable con dobre xunta perimetral de goma termoplástica. Para o escurecemento interior, realizaranse unhas contras interiores en madeira ou taboleiro para garantir a seguridade unha vez pechadas e permitir a regulación de entrada de luz natural do exterior, ou ben estores de escurecemento total. Executarase segundo as especificacións da memoria de carpintería e cumpriranse as esixencias contidas no CTE-DB-HEI e CTE-DB-HR. No tocante á **carpintería interior**, todos os elementos pénsanse en madeira ou taboleiros derivados desta con acabado en ceras naturais ou lasur ecolóxico con ferraxes de aceiro inoxidable pulido AISI 304 existindo, ademais, zonas a executar con vidro laminar 6+6mm con butiral branco ou transparente.

Para os **vidros** optarase por un dobre ou triple acristalamento con cámara de argón e baixa emisividade, complementado cun perfil separador térmico flexible. Toda a carpintería exterior colocarase sobre bandas perimetrais precomprimidas auto-expansivas e completarase con membranas de estanquidade e selaxe con cinta de todas as xuntas.

As **particións** necesarias realizaranse con tabiquería lixeira que cumpra coa normativa, con distintos acabados segundo a estancia. Cumpriranse as esixencias contidas na CTE-DB-HEI e CTE-DB-HR. Realizaranse con estrutura de madeira ou perfilería de aceiro galvanizado, acompañado dun illamento de cortiza ou fibra de madeira.

Os faldróns de **cuberta** pénsanse de lousa ou de madeira local sobre impermeabilización de EDM, PVC, Polibreal ou Poliurea con illamento exterior. No interior, un falso teito lixeiro con perfilería de aceiro galvanizado ou rastrelado de madeira local.

As chemineas, remates de cuberta, baixantes e recollidas de pluviais realizaranse en cinc, cobre ou en corten.

El cerramiento exterior se compondrá de una fachada ventilada de teja cerámica, pizarra, piedra del país o madera local con aislamiento lignocelulósico exterior. Mientras que en el interior, se formará un trasdosado ligero con perfilería de acero galvanizado o rastrelado de madera local.


La carpintería exterior se realizará en madera local, como pino laminado, eucalipto laminado o castaño acabado en lasur pigmentado según indicaciones de la Guía del Color de Galicia de llanuras, fosas y Sierra de Ourense en el exterior y color natural en el interior, complementado con herrajes de acero inoxidable con doble junta perimetral de goma termoplástica. Para el oscurecimiento interior, se realizarán unas contraventanas interiores en madera o tablero para garantizar la seguridad una vez cerradas y permitir la regulación de entrada de luz natural del exterior, o bien estores de oscurecimiento total. Se ejecutará según las especificaciones de la memoria de carpintería y se cumplirán las exigencias contenidas en el CTE-DB-HE y CTE-DB-HR. En lo tocante a la carpintería interior, todos los elementos se piensan en madera o tableros derivados de ésta con acabado en ceras naturales o lasur ecológico con herrajes de acero inoxidable pulido AISI 304 existiendo, además, zonas a ejecutar con vidrio laminar 6+6mm con butiral blanco o transparente.

Para los vidrios se optará por un doble o triple acristalamiento con cámara de argón y baja emisividad, complementado con un perfil separador térmico flexible. Toda la carpintería exterior se colocará sobre bandas perimetrales precomprimidas auto-expansivas y se completará con membranas de estanquidad y sellado con cinta de todas las juntas.


Las particiones necesarias se realizarán con tabiquería ligera que cumpla con la normativa, con distintos acabados según la estancia. Se cumplirán las exigencias contenidas en la CTE-DB-HE y CTE-DB-HR. Se realizarán con estructura de madera o perfilería de acero galvanizado, acompañado de un aislamiento de corcho o fibra de madera.

Los faldones de cubierta serán de pizarra o de madera local sobre impermeabilización de EDM, PVC, Polibreal o Poliurea con aislamiento exterior. En el interior, un falso techo ligero con perfilería de acero galvanizado o rastrelado de madera local.


Los remates de cubierta serán en zinc, cobre o en corten.



DETALLE CONSTRUTIVO/ DETALLE CONSTRUCTIVO



PLANO ELECTRICIDADE E TELECOMUNICACIÓNS
/ PLANO ELECTRICIDAD Y TELECOMUNICACIONES



PLANO RENOVACIÓN E CLIMATIZACIÓN
/ PLANO RENOVACIÓN Y CLIMATIZACIÓN

A instalación de electricidade e posta a terra, cumprindo co determinado Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e as Instrucións Complementarias, plantéxanse de xeito que cada unidade conte cun cadro secundario para a electricidade con liñas independentes para a forza e para a iluminación do exterior. Na terraza leva tubaxe de previsión de instalación de *jacuzzi* con bomba de calor independente. Prevese unha rede encaixada e protexida con tubo de plástico semi-ríxido ou de superficie en tubo metálico, acompañándose dos correspondentes cadros de corte, interruptores diferenciais e térmicos.
Asimesmo, a instalación prevese con mecanismos homologados e circuítos para iluminación e outros usos, segundo normativa vixente. A liña de posta a terra plantéxase independente das outras conducións non previstas para este fin, sendo os mecanismos empotrados ou de superficie.
Toda a iluminación será LED con 3000K de temperatura de cor e as luminarias serán controladas mediante DALI ou KNX permitindo o control domótico e xerar distintas escenas de iluminación acordes ás necesidades dos hóspedes. Contará, ademais, cunha toma de datos e un repetidor de WIFI mediante o conexionado co *Rack* central.

As instalacións de climatización e ventilación, dependendo do número de unidades, contarán cunha instalación de xeotermia ou aerotermia, cunha climatización formada por chan radiante e complementada cun fancoil de baixa silueta. Do mesmo xeito, conta cunha recuperadora de calor, con toma de admisión no baño e de impulsión na estancia principal cunha rede de condutos de ventilación metálicos illados e con renovación para dar cumprimento de CTE.

A edificación conta, a maiores, cunha serie de instalacións especiais como o control de aceso electrónico domotizado, que deben cumprir a normativa e regulamentos vixentes de aplicación.

La instalación de electricidad y puesta a tierra, cumpliendo con el determinado Reglamento Electrotécnico de Baja Tensión y las Instrucciones Complementarias, se plantean de manera que cada unidad cuente con un cuadro secundario para la electricidad con líneas independientes para la fuerza y para la iluminación del exterior. En la terraza lleva tubería de previsión de instalación de jacuzzi con bomba de calor independiente. Se prevé una red empotrada y protegida con tubo de plástico semi-rígido o de superficie en tubo metálico, acompañándose de los correspondientes cuadros de corte, interruptores diferenciales y térmicos.
Asimismo, la instalación se prevé con mecanismos homologados y circuitos para iluminación y otros usos, según normativa vigente. La línea de puesta a tierra se plantea independiente de las otras conducciones no previstas para este fin, siendo los mecanismos empotrados o de superficie.
Toda la iluminación será LED con 3000K de temperatura de color y las luminarias serán controladas mediante DALI o KNX permitiendo el control domótico y generar distintas escenas de iluminación acordes a las necesidades de los huéspedes. Contará, además, con una toma de datos y un repetidor de WIFI mediante el conexionado con el Rack central.

Las instalaciones de climatización y ventilación, dependiendo del número de unidades, contarán con una instalación de geotermia o aerotermia, con una climatización formada por suelo radiante y complementada con un fancoil de baja silueta. Del mismo modo, cuenta con una recuperadora de calor, con toma de admisión en el baño y de impulsión en la estancia principal con una red de conductos de ventilación metálicos aislados y con renovación para dar cumplimiento de CTE.

La edificación cuenta, a mayores, con una serie de instalaciones especiales como el control de encendido electrónico domotizado, que deben cumplir la normativa y reglamentos vigentes de aplicación.

A instalación de fontanería conta con redes de distribución de auga fría e quente en oficio e baño, cumprindo a normativa e regulamentos de aplicación vixentes. A fontanería en tubaxe de polietileno, con illamento exterior en aparellos sanitarios en cor branca e billame avalados pola etiqueta ecolóxica *European Water Label*, incorporan limitadores de caudal a 8,5 ou 2 litros por minuto, o que permite recortar o consumo sen disminuír o nivel de confortabilidade. Asimesmo, incluirase un sistema de apertura en frío que evita a activación involuntaria da produción de AQS e obriga a abrir progresivamente a billa para obter auga quente. Con todo, existe a posibilidade de utilizar billas temporizadas ou de apertura electrónica. A produción de auga quente sanitaria será mediante aerotermia ou, nos casos de agrupación dun número suficiente de unidades, de xeotermia.


A instalación de saneamento realízase en tubaxes de PVC insonorizado e arquetas prefabricadas de formigón, cumprindo no seu deseño o disposto na NTE-IS.
A maiores, recupéranse todas as augas pluviais e reutilizarase para o rego ou cando exista un número mínimo de unidades, para alimentar os inodoros. A conexión entre a rede privada e a pública realizarase seguindo as Normas Municipais e demais regulamentos vixentes.

Os aparellos sanitarios pénsanse de porcelana vitrificada en cor branca, optando por pratos de ducha de carga mineral alixeirada con inodoros suspendidos con dobre descarga para minimizar o gasto de auga.


La instalación de fontanería cuenta con redes de distribución de agua fría y caliente en oficio y baño, cumpliendo la normativa y reglamentos de aplicación vigentes. La fontanería en tubería de polietileno, con aislamiento exterior en aparatos sanitarios en color blanco y grifería avalada por la etiqueta ecológica *European Water Label*, incorporan limitadores de caudal a 8,5 o 2 litros por minuto, lo que permite recortar el consumo sin disminuír el nivel de confortabilidad. Asimismo, se incluirá un sistema de apertura en frío que evita la activación involuntaria de la producción de ACS y obliga a abrir progresivamente la llave para obtener agua caliente. Con todo, existe la posibilidad de utilizar llaves temporizadas o de apertura electrónica. La producción de agua caliente sanitaria será mediante aerotermia o, en los casos de agrupación de un número suficiente de unidades, de geotermia.

La instalación de saneamiento se realiza en tuberías de PVC insonorizado y arquetas prefabricadas de hormigón, cumpliendo en su diseño lo dispuesto en la NTE-IS.
A mayores, se recuperan todas las aguas pluviales y se reutilizará para el riego o cuando exista un número mínimo de unidades, para alimentar los inodoros. La conexión entre la red privada y la pública se realizará siguiendo las Normas Municipales y demás reglamentos vigentes.


Los aparatos sanitarios se piensan de porcelana vitrificada en color blanco, optando por platos de ducha de carga mineral aligerada con inodoros suspendidos con doble descarga para minimizar el gasto de agua.




PLANO FONTANERÍA/ PLANO FONTANERÍA




PLANO SANEAMENTO/ PLANO SANEAMIENTO





04 a casa tótem





01. ASEO 5,20m²
02. DORMITORIO 14,35m²
03. OFICIO 3,25m²
04. ESTAR-COMEDOR 11,85m²
05. VESTÍBULO 2,15m²
06. TERRAZA 20,25m²
SUPERFICIE CONSTRUIDA 49,90m²

A casa Tótem convértese no miradoiro da natureza, case como un monólito integrado entre a vexetación que permite desfrutar da contorna sendo parte indivisible da mesma.


Un aloxamento que se abre á paisaxe ampliando a experiencia do usuario á par que aporta todos os servicios necesarios para convertir un lugar nun refuxio de calma, lonxe do balbordo do tránsito elevado.

Unha peza que a súa vez alberga outro volume no interior, un módulo polivalente que permite crear cambios dentro do aloxamento conseguindo un espazo adaptable ás distintas necesidades que poidan xurdir.

A casa Tótem se convierte en el mirador de la naturaleza, casi como un monolito integrado entre la vegetación que permite disfrutar del entorno siendo parte indivisible del mismo.

Un alojamiento que se abre al paisaje ampliando la experiencia del usuario a la par que aporta todos los servicios necesarios para convertir un lugar en un refugio de calma, lejos del revuelo del tránsito elevado.


Una pieza que a su vez alberga otro volumen en el interior, un módulo polivalente que permite crear cambios dentro del alojamiento consiguiendo un espacio adaptable a las distintas necesidades que puedan surgir.



ALZADO LATERAL DEREITO/ ALZADO LATERAL DERECHO



ALZADO FRONTAL/ ALZADO FRONTAL




ALZADO LATERAL ESQUERDO/ ALZADO LATERAL IZQUIERDO



ALZADO POSTERIOR ALZADO POSTERIOR







A idea consiste nunha unidade compacta que funciona como mirador perimetral na natureza, para poder observala formando parte da mesma, nun contedor acristalado cun monolito central que dispón de tódolos elementos imprescindibles para a supervivencia no lugar, simulando unha navalla suíza, da que se despregan a cama, a mesa e os bancos, e que contén o baño adaptado e un pequeno oficio, así como o maleteiro, armarios e mesiñas de noite, facendo deste deseño un espazo de desfrute 360 graos.

Os materiais empregados para a súa construción seguen as pretensións de deseño desta guía, harmonizándose co bosque galego, mediante o uso de madeiras autóctonas que conquiren un impacto ecolóxico cunha pegada negativa de carbono, totalmente sostible e reutilizable no seu ciclo de vida.

A casa dispón ao Sur dun emparrado de control solar que mellora as condicións bioclimáticas do refuxio.

La idea consiste en una unidad compacta que funciona como mirador perimetral en la naturaleza, para poder observarla formando parte de la misma, en un contenedor acristalado con un monolito central que dispone de todos los elementos imprescindibles para la supervivencia en el lugar, simulando una navaja suiza, de la que se despliegan la cama, la mesa y los bancos, y que contiene el baño adaptado y un pequeño oficio, así como el maletero, armarios y mesillas de noche, haciendo de este diseño un espacio de disfrute 360 grados.

Los materiales empleados para su construcción siguen las pretensiones de diseño de esta guía, armonizándose con el bosque gallego, mediante el uso de maderas autóctonas que consiguen un impacto ecológico con una huella negativa de carbono, totalmente sostenible y reutilizable en su ciclo de vida.

La casa dispone al sur de un emparrado de control solar que mejora las condiciones bioclimáticas del refugio.

A casa Tótem ten unha superficie construída de 49,90m² e unha superficie útil de 36.80m². Divididos nun dormitorio de 14,35m² que permite o uso dunha cadeira de rodas en ambolos dous lados, podendo chegar a gardar a cama e conseguir un espazo amplo para outros usos; un oficio mínimo de 3.25m² que conta cun vertedoiro, un microondas e un frigorífico; un baño adaptado de 5.20m², oculto no monolito interior; un estar-comedor de 11.85m² que xera un xogo de pregar e despregar a mesa e os bancos segundo as necesidades espaciais; e, finalmente, un vestíbulo previo a dormitorio e baño de 2.15m² que facilita o xiro da cadeira de rodas.

Dispón tamén dunha terraza exterior ó Sur con pérgola bioclimática de 20,25m², ao cal se accede a través dunha rampa que facilita a accesibilidade.

La casa Tótem tiene una superficie construida de 49,90m² y una superficie útil de 36.80m². Divididos en un dormitorio de 14,35m² que permite el uso de una silla de ruedas en ambos lados, pudiendo llegar a guardar la cama y conseguir un espacio amplio para otros usos; un oficio mínimo de 3.25m² que cuenta con un fregadero, un microondas y un frigorífico; un baño adaptado de 5.20m², oculto en el monolito interior; un estar-comedor de 11.85m² que genera un juego de plegar y desplegar la mesa y los bancos según las necesidades espaciales; y, finalmente, un vestíbulo previo al dormitorio y baño de 2.15m² que facilita el giro de la silla de ruedas.

Dispone también de una terraza exterior al sur con pérgola bioclimática de 20,25m², al cual se accede a través de una rampa que facilita la accesibilidad.









As madeiras son fundamentales para aportar calidez a unha vivenda que funciona como un observatorio abríndose en todas as súas fachadas ao exterior. A modulación das fachadas combina entrepanos transparentes de vidro que permiten a entrada da luz ao interior, con outros opacos en madeira para dar privacidade en certos ángulos, que a súa vez se dividen en fixos e outros con posibilidade de apertura para o acceso.
O aloxamento admite a posibilidade de combinacións con cores e tonalidades claras que aporten amplitude ao lugar, mais tamén permite acabados máis escuros que outorguen profundidade e recollemento en certas áreas.
Nas zonas húmidas e na de oficio escóllense acabamentos cerámicos que facilitan a limpeza e que, a súa vez, contrastan cos acabados da madeira local.

Las maderas son fundamentales para aportar calidez a una vivienda que funciona como un observatorio abriéndose en todas sus fachadas al exterior. La modulación de las fachadas combina entrepaños transparentes de vidrio que permiten la entrada de la luz al interior, con otros opacos en madera para dar privacidad en ciertos ángulos, que su vez se dividen en fijos y otros con posibilidad de apertura para el acceso.
El alojamiento admite la posibilidad de combinaciones con colores y tonalidades claras que aporten amplitud al lugar, y también permite acabados más oscuros que otorguen profundidad y recogimiento en ciertas áreas.
En las zonas húmedas y en la de oficio se escogen acabados cerámicos que facilitan la limpieza y que, su vez, contrastan con los acabados de la madera local.










A materialidade construtiva favorece a adaptación nos distintos emprazamentos da provincia, tanto en bosques, como nas montañas e nos vales ourensáns.
Este eco aloxamento permite variantes que facilitan a súa inmersión na natureza, de forma que se poden substituir os acabados en madeira local con tonalidades claras ou as opcións lasuradas segundo a gama cromática da Guía da Cor e Materiais de Galicia, por outras técnicas como por exemplo o *Shou Sugi Ban*, o método tradicional xaponés consistente na queima da madeira para a súa preservación, favorecendo a resistencia ás inclemencias meteorolóxicas, a húmidade, o mofo e os xilófagos. Combinado con pezas de aceiro corten.

La materialidad constructiva favorece la adaptación en los distintos emplazamientos de la provincia, tanto en bosques, como en las montañas y los valles ourensanos.
Este eco alojamiento permite variantes que facilitan su inmersión en la naturaleza, de forma que se pueden substituir los acabados en madera local con tonalidades claras o las opciones lasuradas según la gama cromática de la *Guía da Cor e Materiais de Galicia*, por otras técnicas como por ejemplo el *Shou Sugi Ban*, el método tradicional japonés consistente en la quema de la madera para su preservación, favoreciendo la resistencia a las inclemencias meteorológicas, la húmedad, el moho y los xilófagos. Combinado con piezas de acero corten.



A nivel estrutural, para a sustentación deste modelo, executarase cunha estrutura de entramado lixeiro con madeira local, ben sexa en madeira aserrada de castiñeiro ou en madeira galega laminada, como son o piñeiro de Galicia, o eucalipto e o castiñeiro.

Os montantes de madeira maciza da fachada presentan función portante. A estrutura do teito sostense a partir de dúas cerchas en paralelo, ademais das viguetas.

Sempre se interporá unha membrana anti termitas, ademais de tratamentos protectores. Terase especial coidado na posta en obra, controlando sempre o contido de humidade da madeira.


Para a cimentación, ademais de sistemas formados por zapatas corridas de formigón armado, con muros do mesmo material ou de fábricas armadas, poderase utilizar materiais de refugallos de obra procedentes de plantas de reciclaxe próximas.

A nivel estructural, para la sustentación de este modelo, se ejecutará con una estructura de entramado ligero con madera local, bien sea en madera aserrada de castaño o en madera gallega laminada, como son el pino de Galicia, el eucalipto y el castaño.

Los montantes de madera maciza de la fachada presentan función portante. La estructura del techo se sostiene a partir de dos cerchas en paralelo, además de las viguetas.

Siempre se interpondrá una membrana anti termitas, además de tratamientos protectores. Se tendrá especial cuidado en la puesta en obra, controlando siempre el contenido de humedad de la madera.


Para la cimentación, además de sistemas formados por zapatas corridas de hormigón armado, con muros del mismo material o de fábricas armadas, se podrá utilizar materiales de residuos de obra procedentes de plantas de reciclaje próximas.




ESQUEMA ESTRUTURAL/ ESQUEMA ESTRUCTURAL

O **cerramento exterior** comporase mediante un xogo de panos de vidro e panos opacos de madeira de piñeiro de Galicia termotratada, según as necesidades de privacidade e incidencia solar.
A **carpintería exterior** realizarase en madeira local, como piñeiro laminado, eucalipto laminado ou castiñeiro acabado en lasur pigmentado segundo indicacións da Guía da Cor de Galicia de Chairas, fosas e Serra de Ourense no exterior e cor natural no interior, complementado con ferraxes de aceiro inoxidable con dobre xunta perimetral de goma termoplástica. Para o escurecemento interior, realizaranse unhas contras interiores en madeira ou taboleiro para garantir a seguridade unha vez pechadas e permitir a regulación de entrada de luz natural do exterior, ou ben estores de escurecemento total. Executarase segundo as especificacións da memoria de carpintería e cumpriranse as esixencias contidas no CTE-DB-HEI e CTE-DB-HR.
No tocante á **carpintería interior**, todos os elementos pénsanse en madeira ou taboleiros derivados desta con acabado en ceras naturais ou lasur ecolóxico con ferraxes de aceiro inoxidable pulido AISI 304 existindo, ademais, zonas a executar con vidro laminar 6+6mm con butiral branco ou transparente.
Para os **vidros** optarase por un triple acristalamento con cámara de argón e baixa emisividade, complementado cun perfil separador térmico flexible *Super Spacer*. Toda a carpintería exterior colocarase sobre bandas perimetrais precomprimidas auto-expansivas e completarase con membranas de estanquidade e selaxe con cinta de todas as xuntas.
As **particións** que compoñen o monolito interior realizanse con tabiquería lixeira que cumpre coa normativa, con distintos acabados segundo a estancia. Cumpriranse as esixencias contidas na CTE-DB-HEI e CTE-DB-HR. Realizaranse con estrutura de madeira local ou perfilería de aceiro galvanizado, acompañado dun illamento de cortiza ou fibra de madeira.
Os faldróns de **cuberta** pénsanse de lousa ou de madeira local sobre impermeabilización de EDM, PVC, Polibreal ou Poliurea con illamento exterior. No interior, un falso teito lixeiro con perfilería de aceiro galvanizado ou rastrelado de madeira local.
As chemineas, remates de cuberta, baixantes e recollidas de pluviais realizaranse en cinc, cobre ou en corten.


El cerramiento exterior se compondrá mediante un juego de paños de vidrio y paños opacos de madera de pinode Galicia termotratada, según las necesidades de privacidad e incidencia solar.
La carpintería exterior se realizará en madera local, como pino laminado, eucalipto laminado o castaño acabado en lasur pigmentado según indicaciones de la Guía da Cor de Galicia de Explanadas, fosas y Sierra de Ourense en el exterior y color natural en el interior, complementado con herrajes de acero inoxidable con doble junta perimetral de goma termoplástica. Para el escurecemento interior, se realizarán unas contras interiores en madera o tablero para garantizar la seguridad una vez cerradas y permitir la regulación de entrada de luz natural del exterior, o bien estores de escurecimiento total. Se ejecutará según las especificaciones de la memoria de carpintería y se cumplirán las exigencias contenidas en el CTE-DB-HE y CTE-DB-HR.
En lo tocante a la carpintería interior, todos los elementos se piensan en madera o tableros derivados de esta con acabado en ceras naturales o lasur ecológico con herrajes de acero inoxidable pulido AISI 304 existiendo, además, zonas a ejecutar con vidrio laminar 6+6mm con butiral blanco o transparente.
Para los vidrios se optará por uno triple acristalamiento con cámara de argón y baja emisividade, complementado con un perfil separador térmico flexible *Super Spacer*. Toda la carpintería exterior se colocará sobre bandas perimetrales precomprimidas auto-expansivas y se completará con membranas de estanquidad y sellado con cinta de todas las juntas.
Las particiones que componen el monolito interior se realizan con tabiquería ligera que cumple con la normativa, con distintos acabados según la estancia. Se cumplirán las exigencias contenidas en la CTE-DB-HE y CTE-DB-HR. Se realizarán con estructura de madera local o perfilería de acero galvanizado, acompañado de un aislamiento de corteza o fibra de madera.
Los faldones de cubierta se piensan de losa o de madera local sobre impermeabilización de EDM, PVC, Polibreal o Poliurea con aislamiento exterior. No interior, un falso techo ligero con perfilería de acero galvanizado o rastrelado de madera local.
Las chimeneas, remates de cubierta, bajantes y recogidas de pluviales se realizarán en zinc, cobre o en corten.



DETALLE CONSTRUTIVO/ DETALLE CONSTRUCTIVO



PLANO ELECTRICIDADE E TELECOMUNICACIÓNS
/ PLANO ELECTRICIDAD Y TELECOMUNICACIONES



PLANO RENOVACIÓN E CLIMATIZACIÓN
/ PLANO RENOVACIÓN Y CLIMATIZACIÓN

A instalación de electricidade e posta a terra, cumprindo co determinado Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión e as Instrucións Complementarias, plantéxanse de xeito que cada unidade conte cun cadro secundario para a electricidade con liñas independentes para a forza e para a iluminación do exterior. Na terraza leva tubaxe de previsión de instalación de *jacuzzi* con bomba de calor independente. Prevese unha rede encaixada e protexida con tubo de plástico semi-ríxido ou de superficie en tubo metálico, acompañándose dos correspondentes cadros de corte, interruptores diferenciais e térmicos.
Asimesmo, a instalación prevese con mecanismos homologados e circuítos para iluminación e outros usos, segundo normativa vixente. A liña de posta a terra plantéxase independente das outras conducións non previstas para este fin, sendo os mecanismos empotrados ou de superficie.
Toda a iluminación será LED con 3000K de temperatura de cor e as luminarias serán controladas mediante DALI ou KNX permitindo o control domótico e xerar distintas escenas de iluminación acordes ás necesidades dos hóspedes. Contará, ademais, cunha toma de datos e un repetidor de WIFI mediante o conexionado co *Rack* central.

As instalacións de climatización e ventilación, dependendo do número de unidades, contarán cunha instalación de xeotermia ou aerotermia, cunha climatización formada por chan radiante e complementada cun fancoil de baixa silueta. Do mesmo xeito, conta cunha recuperadora de calor, con toma de admisión no baño e de impulsión na estancia principal cunha rede de condutos de ventilación metálicos illados e con renovación para dar cumprimento de CTE.

A edificación conta, a maiores, cunha serie de instalacións especiais como o control de aceso electrónico domotizado, que deben cumprir a normativa e regulamentos vixentes de aplicación.

La instalación de electricidad y puesta a tierra, cumpliendo con lo determinado Reglamento Electrotécnico de Baja Tensión y las Instrucciones Complementarias, se plantean de manera que cada unidad cuente con un cuadro secundario para la electricidad con líneas independientes para la fuerza y para la iluminación del exterior. En la terraza lleva tubería de previsión de instalación de jacuzzi con bomba de calor independiente. Se prevé una red empotrada y protegida con tubo de plástico semi-rígido o de superficie en tubo metálico, acompañándose de los correspondientes cuadros de corte, interruptores diferenciales y térmicos.
Asimismo, la instalación se prevé con mecanismos homologados y circuitos para iluminación y otros usos, según normativa vigente. La línea de puesta a tierra se plantea independiente de las otras conducciones no previstas para este fin, siendo los mecanismos empotrados o de superficie.
Toda la iluminación será LED con 3000K de temperatura de color y las luminarias serán controladas mediante DALI o KNX permitiendo el control domótico y generar distintas escenas de iluminación acordes a las necesidades de los huéspedes. Contará, además, con una toma de datos y un repetidor de WIFI mediante el conexionado con el Rack central.

Las instalaciones de climatización y ventilación, dependiendo del número de unidades, contarán con una instalación de geotermia o aerotermia, con una climatización formada por suelo radiante y complementada con un fancoil de baja silueta. Del mismo modo, cuenta con una recuperadora de calor, con toma de admisión en el baño y de impulsión en la estancia principal con una red de conductos de ventilación metálicos aislados y con renovación para dar cumplimiento de CTE.

La edificación cuenta, a mayores, con una serie de instalaciones especiales como el control de encendido electrónico domotizado, que deben cumplir la normativa y reglamentos vigentes de aplicación.

A instalación de fontanería conta con redes de distribución de auga fría e quente en oficio e baño, cumprindo a normativa e regulamentos de aplicación vixentes. A fontanería en tubaxe de polietileno, con illamento exterior en aparellos sanitarios en cor branca e billame avalados pola etiqueta ecolóxica *European Water Label*, incorporan limitadores de caudal a 8,5 ou 2 litros por minuto, o que permite recortar o consumo sen disminuír o nivel de confortabilidade. Asimesmo, incluirase un sistema de apertura en frío que evita a activación involuntaria da produción de AQS e obriga a abrir progresivamente a billa para obter auga quente. Con todo, existe a posibilidade de utilizar billas temporizadas ou de apertura electrónica. A produción de auga quente sanitaria será mediante aerotermia ou, nos casos de agrupación dun número suficiente de unidades, de xeotermia.


A instalación de saneamento realízase en tubaxes de PVC insonorizado e arquetas prefabricadas de formigón, cumprindo no seu deseño o disposto na NTE-IS.
A maiores, recupéranse todas as augas pluviais e reutilizarase para o rego ou cando exista un número mínimo de unidades, para alimentar os inodoros. A conexión entre a rede privada e a pública realizarase seguindo as Normas Municipais e demais regulamentos vixentes.

Os aparellos sanitarios pénsanse de porcelana vitrificada en cor branca, optando por pratos de ducha de carga mineral alixeirada con inodoros suspendidos con dobre descarga para minimizar o gasto de auga.


La instalación de fontanería cuenta con redes de distribución de agua fría y caliente en oficio y baño, cumpliendo la normativa y reglamentos de aplicación vigentes. La fontanería en tubería de polietileno, con aislamiento exterior en aparatos sanitarios en color blanco y grifería avalada por la etiqueta ecológica *European Water Label*, incorporan limitadores de caudal a 8,5 o 2 litros por minuto, lo que permite recortar el consumo sin disminuír el nivel de confortabilidad. Asimismo, se incluirá un sistema de apertura en frío que evita la activación involuntaria de la producción de ACS y obliga a abrir progresivamente la llave para obtener agua caliente. Con todo, existe la posibilidad de utilizar llaves temporizadas o de apertura electrónica. La producción de agua caliente sanitaria será mediante aerotermia o, en los casos de agrupación de un número suficiente de unidades, de geotermia.

La instalación de saneamiento se realiza en tuberías de PVC insonorizado y arquetas prefabricadas de hormigón, cumpliendo en su diseño lo dispuesto en la NTE-IS.
A mayores, se recuperan todas las aguas pluviales y se reutilizará para el riego o cuando exista un número mínimo de unidades, para alimentar los inodoros. La conexión entre la red privada y la pública se realizará siguiendo las Normas Municipales y demás reglamentos vigentes.


Los aparatos sanitarios se piensan de porcelana vitrificada en color blanco, optando por platos de ducha de carga mineral aligerada con inodoros suspendidos con doble descarga para minimizar el gasto de agua.



PLANO FONTANERÍA/ PLANO FONTANERÍA



PLANO SANEAMENTO/ PLANO SANEAMIENTO






05 a casa da árbore



A casa da árbore parte da idea de deseñar un pequeno aloxamento refuxio, ao redor dunha terraza exterior, na que o protagonismo recae sobre a árbore e o banco que o rodea, sendo unha metáfora de aperta á natureza.
Converterase nun elemento central do deseño, disposto de tal maneira que se complementa coas grandes xanelas orientadas á terraza, proporcionando sombra e un ambiente acolledor para desfrutar do aire libre establecendo unha conexión visual e emocional coa natureza.

